

Era 31 de outubro, ía moito frío, o ceo estaba todo escuro, chovía moitísimo.

Eu estaba xogando cun videoxogo na miña habitación, estaba só na casa, xa que miña nai traballaba e meu pai tamén.

De súpeto sentín chamar á prota, tiñaá fechada( xa que miña nai tiñame moi avisado...) Non saín mirar nin quen era, eu tiña medo. O ruído parou, xa non chamaban á porta e eu seguín xogando.

Pero pasou una hora e volveron a chamar á porta, cada vez máis forte, chamaban, chamaban e non paraban de chamar ... eu cada vez tiña máis medo, entón decidín chamar por teléfono a miña nai, o teléfono comunicaba, chamei ao meu pai, igual, tamén comunicaba.

Entón armeime de valor e mirei pola xanela do meu cuarto, pero non había ninguén (ou polo menos eu non vía a ninguén), máis os ruídos non paraban, seguían chamando a prota; pero desta vez fora distinto porque eu oín como arrancaba un coche , pero non me deu tempo a velo.

Eran as oito da noite, e eu seguía só.

Cada minuto que pasaba eu tiña máis medo. Eran as nove e media cando chegou miña nai, abrinlle a porta, conteille o que me pasara, claro que ela non me críu; díxome:

- Sería o vento, David.

Pero non fora así, fora unha persoa, estaba seguro

Chegou meu pai e tamén lle dixen o que pasara pero díxome igual: - Sería o vento, David.

Fomos para cama e cando xa levábamos dúas horas volveu a pasar o mesmo, volveron chamar á porta, daquela díxolle miña nai ao meu pai:

- Quen será destas horas?

Meu pai non contestou. Que sasbía meu pai que era? Ademais xa estaba durmindo.

Miña nai baixou, abriu a porta pero non había ninguén, o que si que viu foi unha nota que deixaron na porta, na nota non poñía nada, só un nome e uns apelidos, a miña nai non coñecía nin o nome nin os apelidos e non lle deu máis impotancia, dixo:

- Vaia broma para seren as catro da mañán.

Non pasou nadamáis esa noite.

Ao día seguinte pola mañán a miña nai preguntoulle á miña avoa se coñecía ese nome e os apelidos que encontrara na nota da noite anterior e miña avoa díxolle:

- Si, muller, si, ese foi un señor ue traballou moitos anos nesta casa e sempre lle botabamos unha misa o 31 de outubro que foi o día que morreu, e este ano non nos acordamos.

Por eso que os mortos, aínda que morran o 31 de outubro, é coma se estivesen vivos e queren que nos acordemos deles... nós acordarémonos toda a nosa vida...